



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2020

DORES TEMBRÁS
CARTOGRAFÍA CON PUNTOS DE FUGA

A Coruña: Cartografía con puntos de fuga

Dores Tembrás

Vir comigo camiñar ten moito de lectoras de poesía. Vides e confiades en min, na miña palabra, pero tamén neste itinerario, para vos cego, nesta cartografía con puntos de fuga. E iso é precisamente o que fai unha lectora de poesía, ofrécese á escritora sen saber que vai pasar, asume un risco. Digamos que hai un pacto de confianza. Se eu tivera a oportunidade como escritora de amosarlle un xesto a quen toma o meu libro por vez primeira, sería este, darlle a man. Creo que se hai algo fantástico de ir camiñando, é poder ir collida da man de alguén.

Aínda que esta actividade se enmarca baixo o epígrafe “Paseos literarios” a realidade é que hoxe non imos de paseo. Hai relativamente pouco decateime de que non sabía pasear, eu camiño. Igual que camiñan as persoas do campo. Hai unha intención no camiñar que esta ausente no paseo. Se lles interesa esta cuestión recoméndolles dous libros fantásticos: O primeiro é o do arquitecto Francesco Careri: *Wakscapes. El andar como práctica estética*, que fai un percorrido antropolóxico sobre o pasear, a deriva, dende unha perspectiva moi pegada á arquitectura. O segundo é de Anna M.^a Iglesia, *La revolución de las flâneuses*, editado por WunderKammer, e que se centra nunha análise do espazo público e a presenza da muller nel.

Son libros de natureza moi distinta, pero calquera deles moi interesante, e ambos estarán presentes hoxe.

Repito, nesta xornada non hai paseo, tampouco deriva, que creo que é fundamental cando falamos de paseo, porque hoxe atoparán é un itinerario fechado que confeccionei hai xa unhas semanas. Esta proposta tira dalgúns dos fíos que máis me interesan na cidade. Trátase de lugares ou referentes que teñen un papel importante na miña escrita e na miña vida lectora. Pero dalgún xeito esta oportunidade fíxome volver a eles, primeiro de forma abstracta e logo como camiñante.

Faremos cinco paradas, cunha sorpresa final.

“As primeiras tentativas de empregar o feito de andar como forma de arte -ou mellor, como forma de anti-arte- realizáronse como expansións do campo de acción da literatura cara as artes visuais. De feito, as formas colectivas da visita, da deambulación e da deriva eran experiencias que xurdían no ámbito literario, como literario era o fío condutor que unía a Tristan Tzara, André Breton e Guy Debord” Walkscapes, F. Careri.

“Na base da viaxe hai un desexo de mutación existencial. Viaxar é a expiación dunha culpa, unha iniciación, un acrecentamento cultural, unha experiencia” The mind of the traveller, J. Leed Erich.

Dársena

Nesta ocasión decidín arrincar aquí, na Dársena, por varios motivos. O primeiro porque é un lugar cun peso importante na miña memoria familiar, pola emigración. Seguro que moitas coñecen as imaxes do fotógrafo Manuel Ferrol, hai tamén unha postal antiga que captura neste mesmo lugar a ducias de emigrantes agardando aquí para tomar o transatlántico.

O meu avó paterno, José María Tembrás Pillo, que aparece en varios poemas do meu primeiro libro, embarcou aquí mesmo con destino a Cuba. A seguir lerei un texto que recolle o seu destino, non tan distinto ao de milleiros de galegos, e que conta a saída dende este porto e a odisea que viviu:

*eu tamén veño
da túa primeira viaxe a Cuba
110 pesos
e no marco da porta teu pai
vai amodo non che rompa a maleta
ti xa no camiño
o que as ten que levar
non ten nada que esperar*

*na Habana
agardábante unha flota de autobuses
esvaecida tralo atropelo
hectáreas de orquídeas
segadas polo furacán do vinteoito
e o carbón
que tisonou os dedos*

*o día de regreso
a morte da nai
e as débedas
que fulminaron o carbón*

*de todo aquilo
o peixe dourado
que deixache nas miñas mans*

A nosa seguinte parada será na rúa Real e na Residencia 1863, ao pé do Teatro Rosalía de Castro.

“A cidade é a realización do vello soño humano do labirinto. A esa realidade, sen sabelo, se consagra o flâneur (...) Paisaxe, iso é a cidade para o flâneur. E máis exactamente: para el a cidade escíndese nos seus polos dialécticos. Ábreselle como unha paisaxe e o encerra como unha habitación” Libro de los pasajes, W. Benjamin.

Rúa Real

Cando procurei a orixe da Rúa Real atopeime con que a fins do XIX aínda se chamaba Rúa Acevedo. Foi no libro *La Coruña vista desde sus libros de Actas*, no que lle adican unhas páxinas ao comercio e onde din con outras informacións moi curiosas e reveladoras, como a presenza de muíños de vento na Coruña entre 1862-1866, dos que non volve a aparecer rexistro algún.

Por suposto tamén cheguei ao traballo docente da familia Dequidt no número 66 desta rúa e que seguiron os seus fillos durante un século 1871-1972.

Despois perdinme entre os distintos comercios que nesa altura ocupaban a rúa Real: droguería ao

por maior, papel ao por maior, tenda de xénero de punto e roupa branca, Venta de pianos, máquinas de coser, O Circo de Artesáns no nº 85, e a sona dos seus bailes....

Atopámonos neste punto case magnético, rematada a Rúa Real, en Rego de Auga ao pé do Teatro Rosalía de Castro. A verdade é que escribindo estas notas pensaba no que significa este teatro para a cidade, un espazo que é memoria epitelial. O primeiro edificio (1841), o incendio este teatro (1867), a reconstrución... é doado pensar nas xornadas extraordinarias que se viviron neste lugar, entre elas a reunión no 1931 a reunión da Asamblea Rexional para aprobar o proxecto de Estatuto de Galicia.

Gústame saber que sigue sendo un lugar de referencia na cidade, para as persoas. Eu tiven a oportunidade de participar nalgunhas das homenaxes a escritores e escritoras máis emocionantes da miña vida: Manuel María, Rosalía de Castro, Luísa Villalta, Lois Pereiro, referentes no meu camiñar.

“Móvome nunha paisaxe na cal a revolución e o amor ganduxan discursos perturbadores.”
Poemes, René Char.

A Residencia Literaria 1863-Raúl Zurita

En 2018 vía a luz un proxecto de grande ambición dirixido pola poeta e gran axitadora e activista cultural Yolanda Castaño.

A residencia toma o seu nome do ano en que se publican os *Cantares Gallegos* de Rosalía e se dá inicio ao Rexurdimento Literario e que é o no ano do que se datan os muros de pedra deste espazo enfocado por enteiro ao traballo creativo. A poucos pasos onde naceron a RAG e as Irmandades da fala. Nunha vía histórica do corazón da cidade, fronte á Biblioteca Provincial e con vistas á dársena Coruñesa, a Residencia Literaria combina as doses necesarias de sosego e estímulo para avivar a inspiración. Un proxecto pioneiro e sen parangón na nosa contorna, que promove a divulgación, a profesionalización e a internacionalización da literatura galega.

Tiven a sorte de visitar a residencia cando se inaugurou e de coñecer a algúns dos autores e autoras que levan pasado por ela ao longo destes meses. Actualmente reside a narradora boliviana, Lourdes Reynaga, que ven rematar a súa novela: *Espérame en San Pedro*, e que nos acompaña hoxe.

O febreiro pasado inaugurábaa nin máis nin menos que o poeta Raúl Zurita. Nese balcón recitaba un dos seus poemas, interpelando ao público que agardaba a pé de rúa. Era a segunda ocasión que

tiñamos a sorte de ter a Zurita na Coruña, viñera o ano anterior ao Ciclo Di(n)versos, coincidindo con Xosé Luís Méndez Ferrín, no que fora unha sesión extraordinaria e emocionante. Comigo traio un texto do poeta chileno:

Guárdame en ti

*Amor mío: guárdame entonces en ti
en los torrentes más secretos
que tus ríos levantan
y cuando ya de nosotros
sólo que de algo como una orilla
tenme también en ti
guárdame en ti como la interrogación
de las aguas que se marchan
Y luego: cuando las grandes aves se
derrumben y las nubes nos indiquen
que la vida se nos fue entre los dedos
guárdame todavía en ti
en la brizna de aire que aún ocupe tu voz
como los cauces glaciares en que la primavera desciende.*

“O espazo é fundamental en todo exercicio de poder.” Michel Foucault.

Lin esta cita en relación ás mulleres que paseaban no s. XIX nunha decisión consciente de tomar o espazo público tamén. Como non podía ser doutro xeito neste camiñar as mulleres teñen o seu lugar.

Casa de Rosalía de Castro

Moitos coñecen a miña relación estreita coa obra de Rosalía de Castro (1837-1885). É a primeira poeta que coñecín de nena, moito antes de aprender a ler.

Tiven a sorte de participar nalgunhas homenaxes á súa figura, aquí, na Coruña onde viviu en 1873 coa sua familia, e tamén en Padrón.

Hai uns anos xurdiu un proxecto dende o programa da radio galega Diario Cultural comandado por Ana Romaní e a Fundación Rosalía de Castro. O proxecto consistía e crear un diálogo entre os poemas de *Cantares Gallegos* e as réplicas que 35 poetas contemporáneos escribiron para eles. Tiven a sorte de que me convidaran a participar. E hoxe vou ler o seu poema: *Meniña ti a máis hermosa* e a resposta que escribín.

—*Meniña, ti a máis hermosa*
que a luz do sol alumbrara;
ti a estrela da mañanciña
que en puras tintas se baña;
ti a frol das froridas cumbres,
ti a ninfa das frescas augas,
ti como folla do lirio
branca, pura e conristada
¿Quen eres, fada sin nome
de tan dormentes miradas,
de tan dorida sonrisa
de feituraña tan cándida?
¿Quisais de muller naceches
sendo tan limpia e tan casta?
¿Quisais das brisas da tarde,
quisais das brétemas vagas
das burbulliñas dun río,
quisais dunha nube branca?
¿Ou as espumas do mare
a un raio de sol xuntadas
pousáronte ó ser de aurora
nunha cunchiña de nacra?
Mais, de onde queira que sexas,
tristísima pasionaria,
por ti sinto un amor puro
que pouco a pouco me mata.
Por ti, de noite e de día,

*cal vaga sombra encantada,
preto do teu vivir ximo,
ximo cos ventos que pasan
facendo vibrar sonoras
sentidas cordas dun harpa,
que con ecos tembradores
dos meus amores che falan.
Mais dime: ¿por que estás muda,
di por que estás solitaria,
di por que vives nos montes
cos paxariños que cantan,
mentras ti choras e choras
ó pé dun olmo sentada,
toda de loito cuberta,
toda cuberta de lágrimas.*

-

*Déixame vivir nos montes,
déixame estar solitaria,
déixame cos paxariños
que en derredor de min cantan.
Déixame vestir de loito,
cuberta por tristes bágoas,
i eco de homes non escoite
nin son de harmoniosas harpas,
que eses sons de amor á vida
rompen as miñas entrañas.
¿Si deles, galán, por sorte
doce consolo arrancarás
para un dor que non ten cura,
para un mal que non se acaba!
¡Si ó seu vibrar sonoro*

*as tombas se levantaran
i o polvo que nelas mora
volto a vivir se axitara...!
Mais, cala, galán..., non toques
as soaves cordas dun harpa
que nin dá vida ós que morren
nin as tristes tombas levanta.
Cala, galán, cos cantares
que con paixón de amor cantas,
que os meus amores morreron
i aló antre as tombas me agardan.
Para min morreu a dicha,
morreu tamén a esperanza,
cubreuse o seu de tristura
i a terra de ásperas prantas.
Déixame vivir nos montes,
déixame estar solitaria,
déixame vestir de loito,
cuberta de amargas lágrimas.*

*Que a rula que viudou,
xurou de non ser casada,
nin pousar en ramo verde
nin beber da iauga crara.*

--

E agora a resposta que escribín:

*acurtado o osixeno
ela
mecanizar cada exhalación
ollo que apresa a entreluz*

coa vista fixa

unha cesura

a breve flexión nas pernas

xémea

ao abismo sobre os polegares

intento van

de reproducir o zunido das abellas

lonxe o sen alento

nin severidade

nin furia

o pescozo corintio

antes de

a fuxida de min

o abandono

a fuxida de min

inútil diafragma

e a cegas ortigarme

no ar denso

aniquilada a primavera

desterrado o canto do paxaro

sen inclinación de vértebras

admirar o ángulo da renuncia

que sostén os ombreiros

nin pousar en ramo verde

nin beber da auga clara

se nada hai xa

*de quen calibraba a luz
na miña boca*

“Importa pouco non saber orientarse nunha cidade. Perderse, en cambio, nunha cidade como quen se perde no bosque require aprendizaxe. Os rótulos das rúas deben entón falar a quen vai errando como o cruxir das ramas secas, e as ruelas dos barrios céntricos reflexarlle as horas do día tan claramente como as partes fondas do monte.” Infancia en Berlín hacia 1900, Walter Benjamin

O Papagaio-Luisa Villalta

Eu non cheguei a ver este bairro antes da súa demolición, pero coñecino a través da obra de Luísa Villalta e Maribel Longueira. Luísa Villalta é unha das autoras máis relevantes que tivo esta cidade. Hai uns anos a AELG descubriu unha placa na que foi a súa casa na Rúa Vila de Laxe. Despois viñemos homenaxeala ao teatro Rosalía de Castro. Eu non cheguei a coñecela en persoa, pero lembro onde estaba cando, sendo unha adolescente me anunciaron a súa morte. O seu vencello con esta cidade é ben coñecido, porque neste mesmo ciclo de paseos adicóuselle un a ela, quen ademais escribiu un poemario completo para esta cidade. Hoxe gustaríame escoller un texto do libro *Papagaio*:

*Para todas as portas valía
unha única chave, pesada como a vida.
Por iso sempre estaban abertas as portas na aldea
porque había normas morais
que, unha vez pechadas, ninguén era quen de abrir máis.
Para todas as linguas
o silencio era tamén unha porta lenta
cacarañada de verme,
tan antiga como a maldición familiar
sobre a caste das mulleres
que nunca han de ser casadas.
A pesar do silencio,
abondaba mirar como miran as fechaduras vixiantes*

*aos ollos de todos nós
para saber que o muiño non moe para atrás
nen devolve o grao á mazaroca.
Por suxeitar a deshonra,
pai e a nai xa nunca me falaron máis.
Eu nunca souben quen dos dous botou a chave
que pechou tras de min a porta do mundo
e me obrigou a saír
sen encontrar a saída.*

“Na Antigüidade foron moitos, entre eles filósofos, os que sostiñan que a morte era un cambio de etapa na que propoñían o renacemento da alma trala morte do corpo. Logo, non é de estrañar que a palabra cemiterio proveña do grego koementerium que significa lugar onde se dorme.” El cementerio como ciudad análoga: propuestas italianas tras 1972, Iratxe de Dios Cubillas.

Cemiterio San Amaro - Luís Seoane

A pesar de que neste cemiterio podemos atopar a Eduardo Pondal, Manuel Murguía, Curros Enríquez, ou Wenceslao Fernández Flórez, hoxe quixen determe no Cemiterio de San Amaro por outra figura ilustre que me interesa especialmente: Luís Seoane, moi preto de aquí está a súa Fundación, que ten a súa sede dende 2003.

O cemiterio de San Amaro ten máis de 200 anos de historia, con numerosa simboloxía celta e tamén vencellada ao mundo do mar. Composto de 3 zonas: relixiosa, civil e británica.

Gustaríame que nos achegásemos ata o sepulcro de Luís Seoane.

Seoane morreu o ano no que eu nacín, 1979. Tiven a sorte de investigar algo a súa obra poética. Así coñecín o seu traballo no exilio, porque entre outras cousas, el fixo un retrato magnífico da poeta Alejandra Pizarnik, da que eu fixen a tese. Hai moitos fíos que me interesan da vida de Seoane, entre outros a súa mirada sobre a emigración e a súa fe no valor da cultura dun país, e quixen traer dous poemas para fechar este paseo. O primeiro da súa autoría, titúlase *Silencio*, escollino porque a pesar de que a súa obra é moi dura, e cede á desesperanza moitas veces, neste poema hai a mesma luz que podemos atopar na súa obra plástica:

*Loitamos pola comunidade dos homes;
a felicidade;
a precisión;
a claridade,
a xustiza,
nesa patria cuxo nome non podemos expresar,
sen abufar ao xendarme e ao asasino
que ten as fronteiras no interior dos nosos corazóns.*

*Xurdidos desa vella árbore sagra
brosada polo implacábel fado
na súa inocente ancianidade
teremos de transmitir o seu trafego
a outras novas afloradas xeración;
conservándonos nelas, en herdade,
logo de nós fatalmente desaparecidos.*

*Tamén elas,
medradas
maceladas,
ao pé do mesmo circo pantasmal e tráxico,
axexados polos falsos cronistas das dinastías,
gardarán cada unha en si o seu alumeado segredo,
até o día no que todas sexan unha,
e arraizadas,
llaneando sobre as tebras,
desfeiten a violencia.*

*Cando nesa patria de penedos e agua,
de adoradores da lúa,
ese satélite morto, sobreviventes en occidente do reino afondado,
cuxo nome non podemos dicir,
logo do ermo inverno de moitos centos de anos
axuntadas as bocas frenéticas dos seus fillos
o silencio infundan ao aterrecido carcereiro,*

*e con esa voz caletren no isolado pazo do tirano,
e florezan engadidas a primavera e a liberdade.*

O segundo poema que quería ler, é a homenaxe que lle rende, á súa morte, unha poeta que me marcou moito e que vive tamén na Coruña, Pilar Pallarés:

A LUÍS SEOANE

Abril, 1979

*A miña voz che entrego como un templo
para que nel acougues e descanses.
A miña voz, Luís tan cativa e tan triste,
o meu único ben, para ti, que te foches,
Qué che direi, Luís, que ti non saibas.
Ofrendaríache agora as parolas máis fermosas,
como flores vermellas de lembranza e esforzo.
Aquí é primavera e os labregos
andan a plantar nas patacas. Son case todos vellos.
Levan na man a eixada, o suor, a esperanza.
Amarías pintalos como hérois sen nome
esparexendo berros pola tarde e o tempo.
Non sei se os estás vendo, non sei por qué universos
trazarás raias, liñas, cores, versos, bondade.
Estás e non estás. Se te burlas de nós
xogando ás agachadas como un neno increíbel,
disfrazando de ausencia, faramello, xoldeante,
ouh amigo das tenras donicelas,
de escuros miniadores, de sereas e trasnos,
de arúmias e bichiños
e ramallos.
Estás e non estás. É certo que lle falas
no ouvido á túa dona, é ben certo que a chamas*

*coa inmensidade azul do seu nome no vento.
Pero é mesto o silencio e hai un oco sangrante
cobrindo a túa cadeira, o teu prato, o teu posto.
Qué che decer, Luís, carballo inviolábel,
artista que voltaches para sempre
á terra prometida dos teus osos.
A miña voz che deixo coma un froito mancado.*

“Se o tempo de recreo se convertía cada vez máis nun tempo de consumo pasivo, o tempo libre tiña que estar adicado ao xogo, tiña que ser un tempo non utilitario, senón lúdico. Por isto era urxente preparar unha revolución que se basease no desexo: buscar no cotiá os desexos latentes da xente, provocalos, espertalos e sustituilos polos desexos impostos pola cultura dominante.”
Walkscapes, F. Careri.

Coro Cantabile

Descubrín Cantabile hai uns anos e impresionoume o traballo que desenvolven con nenos, nenas e adolescentes. Creo que é un luxo para esta cidade contar cun espazo no que a sensibilidade ten un lugar privilexiado.

Aquí, na Rúa Santo Tomás teñen a súa sede. Desde o seu nacemento en 2002 convertéronse nun referente musical en toda Galicia grazas ao gran número de concertos e xiras internacionais: Viena, Salzburgo, Lisboa, Bolonia ou Roma. Ademais, os numerosos premios recibidos e a crítica avalan a súa traxectoria interpretativa e, especialmente o seu son e técnica vogal, debidas ao seu director Pablo Carballido del Camino, tenor e mestre de canto.

Pronto estrearán o proxecto Palabras de luz , que procura renovar o repertorio galego, a cargo dos compositores Jesús Rodil, Fernando Buíde, Juan Durán, Octavio Vázquez, Federico Mosquera e María Mendoza. Xunto ás súas músicas escintilan as palabras dos poetas Lucía Cernadas, Antía Otero, Anxo Angueira, Eva Veiga, Estíbaliz Espinosa, Celso Fernández Sanmartín, Carlos Negro, Manuel Rivas, Baldo Ramos, María Lado, Pilar Pallarés e eu mesma.

Por todo isto atrevínme a pedirilles que puxesen o ramo a este paseo coas súas voces.

Cando recibín o convite da AELG pensei en todos estes lugares polos que camiñamos hoxe coma orixe de numerosos puntos de fuga, que fan da Coruña un espazo vivo e sostido na memoria e na palabra. Este camiñar xuntas hoxe quería reivindicar todo iso, facendo honra ás persoas que

termaron dela.

Moitísimas grazas por me acompañar. Por darme a man nesta mañá de sábado, entre as rúas e as palabras da Coruña.